



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Persoal

Apertura novo prazo presentación solicitudes coordinador/a Programa Integrado de Emprego (limitada)

ANUNCIO

Expediente núm. 2023/E001/000009

No *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP), núm. 30, do 09/02/2024, foi publicado o anuncio da convocatoria e as bases do proceso selectivo encamiñado á selección dunha persoa funcionaria interina coa categoría de coordinador/a do *Programa Integrado de Emprego de As Pontes, A Capela e Somozas 2023/24*, efectuada a través do Decreto núm. 240/2024, do 5 de febreiro, resolución pola que tamén se aprobaron as súas bases reguladoras.

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia interpuxo un recurso potestativo de reposición fronte ás ditas bases, en canto excluían, ao seu parecer, ás persoas profesionais do Traballo Social da posibilidade de presentarse á convocatoria.

Mediante o Decreto núm. 439/2024, do 28 de febreiro (expediente 2024/G003/000468), foi estimado o recurso de reposición interposto e, en consecuencia, modificouse a base Segunda das reitoras da convocatoria no particular extremo relativo ás titulacións esixidas, incluíndo expresamente entre as titulacións de acceso ao proceso selectivo algún dos seguintes títulos: **Diplomado/a en Traballo Social, Asistente Social e Graduado/a en Traballo Social**.

Na indicada resolución edilicia acordouse conceder un novo prazo de presentación de solicitudes, pero limitado exclusivamente aos e ás profesionais do Traballo Social.

Polo tanto, a través do presente anuncio faise público que durante o prazo de **dez (10) días hábiles**, contados partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, as persoas en posesión de calquera dos indicados títulos (**Diplomado/a en Traballo Social, Asistente Social e Graduado/a en Traballo Social**), poderán presentar a súa solicitude para participar no proceso encamiñado á selección dunha persoa funcionaria interina coa categoría de coordinador/a do *Programa Integrado de Emprego de As Pontes, A Capela e Somozas 2023/24*.

Así mesmo, faise constar expresamente que as persoas que non estean en posesión dalgún dos títulos de Traballo Social aos que se fixo mención **NON poderán presentar solicitude neste novo prazo**.

As Pontes de García Rodríguez, 28 de febreiro de 2024

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos
Antonio Alonso Román

2024/1430